

CIRCULAR 31/2015

- A todas as Delegacións (*)

- A todos adestradores, clubs e atletas

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

CAMPIONATO DE GALICIA ABSOLUTO DE 5 KM. RUTA E DAS CATEGORÍAS JUVENIL, JUNIOR, PROMESA E VETERÁNS

(10 de Maio, A Estrada)

Art.1) O vindeiro domingo día 10 de maio celebrarase en A Estrada, nun circuito urbano e homologado pola RFEA de 2,5 km o **Campionato de Galicia Absoluto en ruta de 5 km**, e das categorías **juvenil, junior, promesa e veteranos**. O evento está organizado polo Club Deportivo San Paio e a Federación Galega de Atletismo a través da súa Delegación en Pontevedra.

Art.2) Poderán intervir todos aqueles atletas das citadas categorías, que se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2014/15) por algún Club pertencente á Galicia.
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertezan a Clubs doutras Comunidades Autónomas.
3. Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.
- Segundo acordo de Asamblea os atletas estranxeiros maiores de 18 anos que non estén nacionalizados en España non poderán optar aos podiums nos Campionatos de Galicia.

Art.3) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 5 de maio do 2015.**

Art.4) Os atletas, deberán confirmala súa participación ata 45 minutos antes do comezo da proba. Una vez rematado este prazo, non se admitirá a participación do atleta.

Art.5) Os atletas participantes no Campionato de Galicia deberán pasar por cámara de chamadas até 15 minutos antes da saída da proba. Unha vez rematado este prazo, non se admitirá a participación do atleta.

Art.6) Os tres primeiros atletas clasificados absolutos e das categorías juvenil, junior, promesa e de tódalas categorías de veteranos recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de premiacións. Caso contrario, non se fará entrega da medalla.

Art.7) Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible por diante, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma será motivo de descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

Art.8) Horario:

18:30- Campionato de Galicia 5km en Ruta (Juvenil, Junior, Promesa, Sénior, Veteranas femenino)



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>
- 15008 - A CORUÑA



19:00 Campeonato de Galicia 5Km en Ruta (Juvenil, Junior, Promesa, Sénior, Veteranos masculino)

20:00 Entrega de premios.

Art.9). Premios: A organización do evento premiará economicamente ós 6 primeiros deportistas en meta das probas masculina e feminina do Campeonato de Galicia independentemente da súa categoría. Asemade, habrá un premio especial para o atleta tanto masculino como feminino que bata o record gallego absoluto da modalidade.

Tabla de premios:

(Tanto para masculino como para femenino)

- 1º Clasificado/a – 300€
- 2º Clasificado/a – 200€
- 3º Clasificado/a- 100€
- 4º Clasificado/a- 75€
- 5º Clasificado/a – 50€
- 6º Clasificado/a – 30€

Premio especial Record Gallego Absoluto 200€
Record Gallego Femenino 17.16 (María Jesús Gestido)
Record Gallego Masculino 14.17 (Javier Gómez Noya)
*Os premios serán acumulativos.

Art.10) A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@fgatletismo.com) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba donde se desexe inscribir o atleta, pudiendo ser esta denegada.

Art.11) Todo o non disposto neste regulamento resolverase, por esta orden, pola normativa da F.G.A., R.F.E.A. e I.A.A.F.

Victor Arufe Giraldez
Secretario Xeral da FGA
(Asdo. no Orixinal)

A Coruña, a 13 de abril de 2015

Victor Arufe Giraldez
Secretario Xeral da FGA
(Asdo. no Orixinal)